

No libre e lexítimo exercizo da súa autonomía persoal, o home e a muller teñen dereito a constituír, mediante unha unión afectiva e estable de convivencia, unha comunidade de vida que garantizada no artigo 39 da CE, que establece a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Do mesmo xeito pronunciase o art. 32 da CE relativo ao dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica, o que comporta “a sensu contratio” o dereito a non contrae-lo sen que por elo se deriven circunstancias particulares ou discriminatorias.

O Pleno desta Corporación municipal acordou, na sesión celebrada o 14 de marzo de 2000, a apertura dun rexistro municipal con carácter administrativo para que as parellas de feito que o desexen poidan inscribirse no mesmo, sen que a data de hoxe se aprobara o correspondente instrumento xurídico que establezca as normas de organización e funcionamento no marco da lexislación vixente e no exercizo das atribucións recoñecidas nos artigos 22. 2.d) e 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes da Lei 5/97 da Administración local de Galicia:

**ARTÍCULO 1º.—OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO E EFECTOS**

1.1.—Constitúese o Rexistro municipal de Parellas de Feito (RMPF) do Concello de Gondomar que terá carácter administrativo e se rexirá polo que se dispón no presente Regulamento e demais disposicións que poidan dictarse para o seu desenvolvemento.

1.2. A inscrición no RMPF terá efectos meramente declarativos sobre a constitución e inscrición de parellas de feito, así como dos contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais.

1.3. O RMPF adscribese ao Departamento de Administración Xeral, negociado de Servizos Xerais, sen perxuízo da delegación da adscrición e xestión que ao efecto poida efectuarse a calquer outra unidade administrativa deste Concello de acordo co establecido na Lei 30/92 de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común.

**ARTÍCULO 2º.—ÁMBITO**

No RMPF poderán inscribirse todas aquelas parellas que polo seu libre e pleno consentimento declaren que constitúen unha unión de convivencia non matrimonial, co análoga relación de afectividade, con independencia da súa orientación sexual, sexan maiores de idade ou menores emancipados, manifesten a súa vontade de inscribirla no Rexistro e cando os seus membros teñan no concello a súa residencia habitual no Concello de Gondomar e figuren empadroados no Concello de Gondomar, se

**A N U N C I O**

Rematado o prazo de exposición ao público do “Regulamento sobre a organización e funcionamento do rexistro municipal de parellas de feito”, aprobado inicialmente por acordo plenario de data 08/11/07 anunciado no B.O.P. nº 227 de 23/11/07, sen que ata a data houberanse formulado reclamacións, alegacións ou observacións contra o mesmo, entendese elevado a definitivo o citado acordo de aprobación inicial en virtude do disposto no artigo 70.2 da lei 7/85, de 02/04, reguladora das bases de réxime local procedendo á publicación do seu texto íntegro:

**REGULAMENTO SOBRE A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade ante a lei, principios básicos do noso ordenamento xurídico e social, esixen dos poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivos, debendo ser removidos os obstáculos que impidan o dificulten a súa plenitude de acordo co disposto nos artigos 1.1, 9.2 e 14 da Constitución española e 4.2 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

ben, no intre da inscrición é suficiente con que un deles figura empadroado no Concello de Gondomar.

#### ARTICULO 3º.—REQUISITOS DAS INSCRIPCIÓNS

3.1.—As inscricións realizaranse previa solicitude conxunta dos membros da unión de feito, según anexo I do presente regulamento e por comparecencia persoal e conxunta diante do funcionario encargado do RMPF, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos:

- Ser maiores de idade ou menores emancipados, según o establecido no artigo 314 do Código Civil
- Non ter:
  - Relación ou parentesco por consanguinidade ou adopción en linea recta.
  - Relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en linea colateral ata o segundo grao
- Non estar incapacitado/a xudicialmente.
- Non estar ligado por vínculo matrimonial subsistente salvo que se acredite separación xudicial por sentenza firme.
- Ter, ambos membros, a condición de residente habitual no Concello de Gondomar e figurar empadroados no Concello de Gondomar ou, en todo caso, reunir este requisito un membro da parella inicialmente, tal e como se expresa no artigo 2º do presente regulamento.
- Declaración responsable de non figurar inscrito/a como membro de outra unión de feito que non este cancelada ou anulada.

3.2.—Soamente as inscricións relativas á extinción da unión de feito poderán efectuarse a instancia de un so do seus membros.

3.3.—Non se poderá pactar a constitución dunha parella de feito con carácter temporal nin someterse a condición

#### ARTICULO 4º.—PROCEDIMENTO DE INSCRIPCIÓN

4.1.—Presentada a solicitude, se o encargado do RMPF observara defectos na mesma na solicitude ou na documentación presentada, acreditativa dos requisitos establecidos no artigo 3º do presente regulamento, requirirá aso interesados para que no prazo máximo de dez días subsane a falta ou aporte a documentación preceptiva, coa advertencia de que, no suposto de incumprimento, producirase a caducidade do procedemento.

4.2.—Completa a documentación, o Sr. Alcalde dictará resolución motivada sobre a concesión ou denegación da solicitude de inscrición no prazo máximo dun mes. Se é estimada, procederase a efectuar o correspondente asento no LIBRO DO

RMPF que deberá ratificarse conxuntamente polos interesados por medio de comparecencia persoal perante o funcionario encargado do Rexistro do que se levantará a correspondente acta.

4.3.—Calquera modificación posterior dos datos inscritos no RMPF deberá efectuarse mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión de feito perante o funcionario encargado do RMPF, mediante inscrición marxinal.

4.4.—As inscricións no RMPF serán gratuítas; respecto ás certificacións que sexan expedidas que están suxeitas ao establecido nas correspondente ordenanza fiscal do Concello.

#### ARTÍCULO 5º.—DECLARACIÓN DE ACTOS INSCRIBIBLES

5.1.—Serán obxecto de inscrición no RMPF os seguintes actos:

- a) A declaración de constitución de unións de feito ou inscrición de alta, así como a extinción destas polos motivos sinalados no artigo 6 do presente regulamento ou inscricións de baixa.
- b) Mediante transcripción literal, inscribiránse os contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais.
- c) Outros feitos e circunstancias relevantes que afecten á unión de feito.

5.2.—Non poderá practicarse inscrición ningunha no RMPF sen o consentimento conxunto dos membros da unión de feito, salvo lo previsto no apartado 3.3.2. do presente regulamento.

#### ARTÍCULO 6º.—DA CONSTITUCIÓN E EXTINCIÓN

6.1.—Para os efectos establecidos no presente regulamento a data de constitución será a da súa manifestación e inscrición a salvo de que documentalmente se demostre outra cosa.

6.2.—Serán causas de extinción constitutivas da cancelación da inscrición as seguintes:

- a) Mutuo acordo.
- b) Vontade unilateral dun dos membros coa correspondente notificación fehaciente ao outro membro da unión de feito.
- c) A morte ou declaración de falecemento dalgún do seus membros.
- d) Separación de feito máis dun ano.
- e) Matrimonio dalgún do seus membros ou dos propios membros da parella entre si.
- f) Desaparición de calquer outro dos requisitos establecidos no artigo 3º do presente regulamento.

6.2.—A disolución da unión de feito poderá acreditarse por calquier medio de proba admitido en dereito. Nos se recoñecerá a existencia doutra

unión de feito mentres non se proceda á cancelación da inscrición rexistral anterior.

6.3.—Os membros da unión de feito quedan obrigados a solicitar a cancelación da inscrición no RMPF cando concurra algunha das causas establecidas no apartado 1º do presente artigo.

#### ARTÍCULO 7º.—LIBRO REXISTRO

O RMPF materialízase nun libro formado por follas numeradas, seladas e rubricadas polo Sr. Alcalde e legalizado coa sinatura da Secretaria municipal mediante dilixencia de apertura e peche. Nos asentamentos deberá consignarse como mínimo os seguintes datos:

- Datos identificativos dos membros da unión.
- Domicilio da convivencia.
- Data de constitución da convivencia.
- Transcrición en extracto dos contratos civís reguladores das relacións personais e patrimoniais das parellas de feito.
- Modificacións posteriores dos datos inscritos (anotacións marxinais).
- Data e causa de extinción.
- Outros feitos ou datos relevantes que afecten á unión de feito, non matrimonial.

#### ARTÍCULO 8º.—PUBLICIDADE

A publicidade do RMPF quedará limitada exclusivamente á expedición de certificados dos seus asentamentos a instancia de calquera dos seus membros, dos seus causahabentes ou dos xuíces ou tribunais de xustiza.

ARTÍCULO 9º.—No eido competencial deste concello todas as unións de feito inscritas no Rexistro municipal terán a mesma consideración administrativa que as unións matrimoniais sen obstáculos doutras formas de proba. Así mesmo e para os efectos administrativos e dentro do eido competencial deste concello recoñecerase a antigüidade das unións de feito inscritas noutros rexistros municipais, circunstancias que deberán acreditarse.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA ADAPTACIÓN DAS SOLICITUDE PRESENTADAS NO CONCELLO ANTES DA ENTRADA EN VIGOR DO PRESENTE REGULAMENTO

As solicitudes e demais documentación que consten en dependencias municipais antes da entrada en vigor da presente norma deberán axustarse á mesma, unha vez entre en vigor e previo requirimento de Alcaldía, no prazo máximo dun mes dende que sexa formulado o mesmo.

No suposto de que non se adapten ao regulamento no devandito prazo procederase á caducidade do procedemento incoado ao abeiro desta solicitude.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA. VIXENCIA

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e transcorrido o prazo que determina o art. 65.2 de la Lei 7/85.

En Gondomar, 09 de xaneiro de 2008.—O Alcalde-Presidente, ilexible. 2008000431

#### A N E X O I

#### SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO (RMPF)

D/Dª ..... con DNI nº ..... e D/Dª ....., co DNI nº ..... maiores de idade, veciños de ..... con domicilio en .....

#### EXPOÑEN:

Que desexan realizar a inscrición no Rexistro de Unións de Feito do Concello de Gondomar e para iso

#### DECLARAN QUE:

- Existe unha unión de convivencia non matrimonial e que están empadroados no domicilio seguinte.....
- Non existe vínculo matrimonial.
- Non existe ningunha inscrición no que conste como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.
- Non existe declaración de incapacitación por resolución xudicial.
- Non existe relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.
- Non figurar inscrito /a noutro Rexistro Municipal de Unións de Feito.
- Non existe relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grado.

#### E SOLICITAN:

A inscrición no Rexistro Municipal de Unións de Feito.

Gondomar, a ..... de ..... de 200...

Os/As Comparecentes O/A Funcionario responsable do RMPF

#### A N E X O II

#### SOLICITUDE DE BAIXA NA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO (RMPF)

(Esta solicitude poderá ser subscrita por un ou polos dous membros da parella )

Don/dona ..... con DNI nº ..... e don/dona ..... con DNI nº ....., maiores de idade, veciños de ..... con domicilio en .....

**EXPOÑEN:**

Que están inscritos no Rexistro de Parellas de Feito do Concello de Gondomar, e

**SOLICITAN:**

Que despois dos trámites regulamentarios se proceda á inscrición de baixa da unión de feito no dito rexistro polos seguintes motivos:.....

Gondomar, a ..... de ..... de 200.....

Os/As Comparecentes

En Gondomar, 9 de xaneiro de 2008.—O Alcalde-Presidente, ilexible. 2008000431

\* \* \*

**SALVATERRA DE MIÑO****ANUNCIO LICITACIÓN**

De conformidade co disposto no art. 78 do R.D. Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, anúnciase concurso de urxencia, por procedemento aberto, para adxudicar o contrato de obra que de seguido se expresa.

**OBXECTO DOS CONTRATOS**

É obxecto da presente convocatoria, a execución das obras de "Rehabilitación das murallas da Fortaleza de Salvaterra, de Miño I Fase I A-2", cun prezo base de licitación de 300.499,87 euros e un prazo de execución de once meses.

**PAGO**

Contra certificación de obra, expedida polo Técnico Director das mesmas, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local e recibidos os fondos das entidades cofinanciadoras do proxecto.

**PUBLICIDADE DOS PREGOS**

Estarán de manifesto tódolos días hábiles na oficina de Contratación da Casa do Concello.

**GARANTÍA DEFINITIVA**

O 4% do prezo de adxudicación.

**PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

Durante os trece días naturais seguintes á publicación do presente anuncio no B.O. da Provincia.

**APERTURA DE PROPOSICIÓNS**

Ás 12 horas do seguinte día hábil ao da conclusión do prazo para presentación de proposicións.

**CLASIFICACIÓN DAS EMPRESAS**

Para poder concorrer á presente licitación, as empresas deberán estar en poder da seguinte clasificación: Grupo K, Subgrupo 7; Categoría e).

**MODELO DE PROPOSICIÓN**

O recollido no Anexo ao Prego de Cláusulas.

Salvaterra de Miño, a 17 de xaneiro de 2008.—  
O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. 2008000492

\* \* \*

**REDONDELA****ANUNCIO**

En cumprimento do disposto no artigo 93.2 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, faise pública a adxudicación do contrato de obra do que a seguir se reflicten os seus particulares:

**1) ENTIDADE ADXUDICADORA:**

- a) Organismo: Concello de Redondela (Pontevedra).
- b) Dependencia: Departamento de Contración.

**2) OBXECTO DO CONTRATO:**

- a) Descrición: Execución das obras comprendidas no proxecto de "Pavimentación de camiños municipais en Redondela: Camiño de Esgrado - Nogueira, viais equipamentos da marisma, Camiño da Rabadeiroa, Quintana e Camiño de Folón, en Chapela. PPC - 2007, obra nº 76".
- b) Lotes: Non.
- c) Lugar de execución: Redondela (Pontevedra).
- d) Prazo de execución: catro meses.

**3) TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:**

- a) Tipo de contrato: Administrativo.
- b) Tramitación: urxente.
- c) Procedemento: aberto.
- d) Forma: concurso.

**4) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:**

Importe total: 134.864,46 euros.

**5) ADXUDICACIÓN:**

- a) Data: 30 de outubro do 2007.
- b) Contratista: Construcións, Obras e Viais, S.A. (COVSA).
- c) Nacionalidade: Española.